



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical CIG Telefónica

Convenio Colectivo 2008

## A proposta da empresa:

### Non cambia no fundamental

Ante a proposta de Convenio presentada pola empresa o día 11 de xuño, aos traballadores de Telefónica non nos queda outra que seguir na batalla para impedir as graves consecuencias da transformación total das nosas condicións laborais e salariais.

Mantén plenamente a intención de implantar o modelo de Grupos Profesionais, con salarios base moi inferiores para os novos traballadores e coa indefinición das funcións que terán que asumir os distintos Postos Tipo, que queda como outras cuestións importantes, para a Negociación Permanente.

Os aspectos salariais non cobren as expectativas, mínimas, da Plataforma do Intercentros, pois non se acadará ningún incremento por enriba do IPC oficial e non se actualiza ningún complemento salarial. O mal chamado Plus de produtividade empeora o que había, pois non se consolida no salario base como ata agora e aínda no mellor dos resultados do OIBDA sairíamos perdendo.

As únicas referencia que se deben considerar para valorar esta proposta son, por unha parte a boa marcha da empresa, por outra as condicións que tiñamos no pasado convenio e as Reivindicacións dos traballadores: en resumo o que nos presenta a empresa é unha forte rebaixa de condicións laborais.

O positivo de todo este proceso é que o escenario que preparou a empresa, coa maioría dos sindicatos do Intercentros a favor da sinatura **ROMPEUSE**. CGT apoia o paro e as reivindicacións que o sustentan. STC tamén está en varias provincias apoiando. CC.OO de Madrid tamén o apoia. Esta batalla xa non é a de “catro tolos” como tiñan intención de facerlle crer ao cadro de persoal.

## **PARA O DIA 12 XUÑO**

### **SUMATE AGORA. TEREMOS MAIS FORZA**

### **POR UN CONVENIO XUSTO**

Loita coa CIG pola defensa dos teus dereitos.

Galiza, 11 de xuño de 2008

---

[www.cigtelefonica.com](http://www.cigtelefonica.com)